

ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A RECUPERACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE MATERIAIS DA EMIGRACIÓN GALEGA NO CONCELLO DE RIBADEO E POSTERIOR DIFUSIÓN

Santiago de Compostela, 08 de xullo de 2017

Dunha parte, D. Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, con NIF Q-65500035-E e sede no Pazo de Raxoi, 2º piso, praza do Obradoiro s/n, 15705, Santiago de Compostela, con poderes suficientes para a realización deste acto en virtude do establecido na Lei 8/1983, do 8 de xullo, e no Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Consello da Cultura Galega.

Doutra parte, Fernando Suárez Barcia, alcalde do Concello de Ribadeo, con enderezo na praza de España, nº 1, 27700 en Ribadeo.

Ambos con poderes suficientes para a realización deste acto,

EXPOÑEN

- 1.** Que son funcións do Consello da Cultura Galega, segundo a Lei 8/1983, do 8 de xullo, de fundación e organización do Consello, nos parágrafos b), c) e e) do artigo 6º, título II: «Investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego. Organizar actuacións culturais adecuadas aos fins do Consello dentro e fóra de Galicia. Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas en favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego».
- 2.** Que o Arquivo da Emigración Galega, centro de documentación dependente do Consello da Cultura Galega, ten entre os seus fins conservar a memoria viva da emigración galega a través da recuperación do seu patrimonio cultural.
- 3.** Que o Concello de Ribadeo ten entre as súas actividades a conservación da memoria histórica do concello e que, a tal fin organiza, desde hai catro anos, o festival «Ribadeo indiano», como un xeito de perpetuar a memoria da súa emigración.
- 4.** Conscientes ambas as entidades da relevancia da documentación persoal para a comprensión do proceso migratorio e da importancia da conservación dos fondos documentais e fotográficos para a memoria da emigración, acordan realizar conxuntamente un proxecto de recuperación e difusión da memoria da emigración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O Consello da Cultura Galega, a través do seu Arquivo da Emigración, e o Concello de Ribadeo acordan realizar o «Proxecto de recuperación documental e fotográfica da emigración galega».

Segunda.- Os obxectivos deste proxecto van encamiñados á recuperación, preservación e salvagarda do patrimonio dos emigrantes orixinarios de Ribadeo e dos seus familiares, nos seus diferentes formatos (documentos, fotografías, obxectos, películas...), que se conservan en fondos particulares.

As achegas realizadas para este proxecto constituirán un acervo de fontes á disposición da comunidade investigadora, dos expertos na temática migratoria e, por suposto, dos propios protagonistas.

Terceira.- Este acordo de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia até o 31 de decembro de 2017.

En función das necesidades das actuacións previstas neste acordo de colaboración, ábrese a posibilidade da prórroga automática do presente acordo por decisión explícita de ambas as partes.

Cuarta.- O presente acordo de colaboración non implicará custo económico para o Consello da Cultura Galega, nin se fixará cantidade ningunha para o seu financiamento con cargo aos seus orzamentos.

Quinta.- O Concello de Ribadeo, a través dos seus técnicos de Cultura e Turismo, actuará como punto de recollida de documentación e información do «Proxecto de recuperación documental e fotográfica da emigración galega», a onde achegarán os materiais todas as persoas que desexen participar.

Sexta.- O Concello de Ribadeo autoriza ao Consello da Cultura Galega para dixitalizar e catalogar o material recuperado coa finalidade de que o Consello da Cultura Galega proceda á súa conservación, así como á súa posterior difusión pública en Internet.

Sétima.- A dixitalización dos fondos será realizada polo Consello da Cultura Galega.

Oitava.- Ao final do proceso de dixitalización e catalogación, ambas as institucións conservarán dúas copias dixitais dos documentos en soporte informático en dous formatos distintos: un en alta calidade e outro en baixa para difusión na rede.

Novena.- O Consello da Cultura Galega comprométese a manter unha copia dixitalizada dos fondos cedidos como unha colección con unidade propia dentro do Arquivo da Emigración Galega e garantir que cando se cite se indique sempre a súa procedencia.

Décima.- Esta dixitalización dos fondos por ambas as institucións non implica cesión de dereitos patrimoniais ou de explotación, nin supón a adquisición da titularidade dos dereitos sobre as obras que os integran.

Con todo, por medio deste acordo, o cedente autoriza a:

- A. Permitir a súa comunicación pública e a súa posta a disposición a través dun arquivo aberto institucional, accesible de maneira libre e gratuíta por medio de Internet.
Con anterioridade á súa difusión procederase a unha revisión dos contidos susceptibles de ser publicados.
- B. Transformar os fondos dixitalizados na medida en que sexa preciso para adecualos a calquera tecnoloxía susceptible de incorporación a Internet, realizar as adaptacións necesarias para facer posible a utilización dos fondos en formatos electrónicos, así como incorporar os metadatos precisos para garantir o seu rexistro e protección.
- C. Permitir a consulta e o emprego dos fondos dixitalizados coa finalidade da súa conservación e investigación, de forma que as obras integrantes dos fondos poidan ser distribuídas e difundidas sempre que se cite a súa autoría, non se obteña beneficio comercial e non se realicen obras derivadas.

- D. As actuacións previstas no presente acordo de colaboración axeitaranse en todo momento ao previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter Persoal.

Décimo primeira.- Para o seguimento e control do presente acordo constituirase unha comisión que estará composta por dous representantes do Consello da Cultura Galega e dous representantes do Concello de Ribadeo, nomeados polas respectivas institucións. Esta comisión será encargada de resolver as controversias que puidesen xurdir respecto á interpretación e efectos do presente acordo.

Décimo segunda.- As persoas que asinan o presente acordo manifestan o seu consentimento e autorización para que os seus datos persoais que contén o acordo e o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- No compromiso da transparencia e publicidade da actuación da Xunta de Galicia, e segundo o disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o presente acordo será obxecto da publicidade prevista na dita lei e será tamén obxecto de publicidade a teor do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- As partes poderán denunciar ou modificar en calquera momento o presente acordo por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará á outra para a resolución do mesmo.

Décimo quinta.- O presente acordo de colaboración terá natureza administrativa e rexeranse os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e na súa ausencia pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

De ser o caso, as partes someterán as diverxencias que puidesen presentarse verbo da interpretación ou cumprimento do presente acordo á xurisdición Contencioso-Administrativa.

Unha vez lido polas partes, e como proba da conformidade co expresado no presente acordo, asinan e rubrican por duplicado exemplar o presente documento, na data e lugar arriba indicados.

Polo Consello da Cultura Galega

Polo Concello de Ribadeo

Ramón Villares

Fernando Suárez Barcia